

## BASES DO CONCURSO

### Escola dEPrensa EI Progreso

O diario **ELPROGRESO** convoca o concurso **Escola dEPrensa EI Progreso**.

#### Quen poden participar?

Poden participar os alumnos dos últimos cursos de Educación Primaria (5º e 6º) e Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º de ESO) de calquera dos centros públicos, privados ou concertados da provincia de Lugo.

Cada equipo estará formado por un máximo de 30 alumnos dun mesmo ciclo educativo e un profesor, que será o responsable da dirección do equipo.

Un mesmo centro poderá presentar cantos equipos desexe.

#### Como inscribir ao noso equipo?

Para participar no concurso, é necesario formalizar a inscrición antes do 31 de outubro de 2016, cumprimentando os formularios que atoparedes en [www.escoladeprensaelprogreso.es](http://www.escoladeprensaelprogreso.es). É imprescindible que nel queden reflectidos todos os alumnos que participen na elaboración do xornal, así como o profesor que os dirixirá, reseñando o nome que identificará ao grupo, e que se poderá elixir libremente. Todos os integrantes do grupo e o titor figurarán na mancheta do xornal.

Aínda que poderá facerse unha preinscrición enviando un correo electrónico a [escoladeprensa@elprogreso.es](mailto:escoladeprensa@elprogreso.es), a inscrición só será efectiva unha vez recibida toda a documentación orixinal debidamente cumprimentada, coa firma e selo do centro de ensino ao que pertencen os equipos, na dirección:

**ELPROGRESO**, Rúa Puro Cora, 3 - 27002 Lugo.

Cada equipo deberá enviar unha fotografía de grupo, así como fotografías individuais de cada un dos integrantes.

Ademais, os equipos terán que enviar unha gravación en vídeo (duns 3 minutos de duración), na que farán unha presentación do mesmo.

## De canto tempo dispomos para elaborar o noso xornal?

O concurso prolongarase dende o 1 de novembro de 2016 ata o 16 de maio de 2017.

Os gañadores daranse a coñecer a través de **ELPROGRESO**, nas súas edicións en papel e dixital, nunha data que se anunciará nestes mesmos medios coa suficiente antelación.

Ademais dos premios colectivos, o concurso inclúe varios recoñecementos especiais de carácter individual. Para acceder a estes premios especiais, os alumnos deberán inscribirse na categoría que corresponda.

### Categorías:

O xurado seleccionará un xornal gañador por cada categoría:

- 5º e 6º DE PRIMARIA
- 1º e 2º DE ESO
- 3º e 4º DE ESO

### Premios especiais

Os premios especiais premiarán o esforzo daqueles alumnos que realicen o mellor traballo en cada unha das seguintes categorías:

- Entrevista
- Reportaxe
- Fotografía
- Artigo de opinión
- Tira cómica/viñeta

Os traballos deberán ir asinados polos seus autores, e no caso de que non teñan firma ou o sexan elaborados por máis de dous membros do equipo, o premio entregarase ao grupo.

As distintas categorías poderán quedar desertas no caso de que o xurado estime que ningún dos participantes reúne no seu traballo a calidade suficiente.

## PREMIO AO MELLOR VIDEO DE PRESENTACIÓN

Os equipos deberán enviar unha gravación en vídeo para presentar ao grupo. Todos os vídeos de presentación colgaranse na páxina [www.escoladeprensaelprogreso.es](http://www.escoladeprensaelprogreso.es).

Para otorgar o premio, o xurado valorará, ademais da orixinalidade, a naturalidade e o dinamismo dos presentadores. Tamén a creatividade global dos mesmos.



Todos os grupos participantes deberán incluír un traballo (artigo ou reportaxe) sobre os beneficios do leite na alimentación, a súa produción ou a importancia do sector lácteo na nosa provincia.

O mellor traballo, ao criterio do xurado, recibirá un premio.

## PAUTAS DE ELABORACIÓN DO PERIÓDICO:

Cada xornal deberá estar formado por 32 páxinas.

Cada páxina será elaborada nun documento de tamaño A3 (420x297 mm).

**ELPROGRESO** porá a disposición dos equipos un maqueteiro, ao que se poderá acceder desde a web, para deseñar as distintas seccións.

Cada equipo poderá elixir como estruturar o seu xornal, e que seccións inclúe (entrevistas a personaxes relevantes, reportaxes ou artigos sobre a localidade, o colexio, medio ambiente, viaxes, música, literatura, deportes, cultura, humor gráfico e pasatempos, etc.).

O xornal levará tamén unha mancheta, espazo no que figurarán o nome dos alumnos e o profesor que participaron na elaboración da publicación, así como o centro ao que pertencen.

Na elaboración dos textos, poderán utilizarse os idiomas galego, castelán ou ambos.



As fotografías utilizadas deberán ser orixinais ou contar coa autorización do autor para a súa inserción na publicación.

Unha vez rematadas as 32 páxinas, enviaranse en formato orixinal e en PDF por correo electrónico. En todos os casos, os envíos do material deberá realizalos o profesor /titor, a través do correo electrónico que se habilite para o proxecto. Non se tomarán en consideración os traballos que se envíen por outras vías e sen a supervisión e autorización expresa do titor.

### CRITERIOS DE VALORACIÓN:

Na selección do traballo gañador valoraranse a calidade e orixinalidade dos contidos publicados e o deseño da publicación, con criterios equivalentes aos que se utilizan para a elaboración dun xornal.

### XURADO DO CONCURSO:

ELPROGRESO designará aos membros que formen parte do xurado do concurso, que será o encargado de fallar os premios en cada unha das categorías indicadas. O xurado estará formado por especialistas en xornalismo e educación.

### GAÑADORES E PREMIOS DO CONCURSO:

Seleccionarase un xornal gañador por ciclo educativo. O tres xornais gañadores imprimiranse na rotativa de ELPROGRESO, para a súa distribución no centro educativo ao que pertenza o equipo gañador.

Os PDFs de todos os xornais participantes aloxaranse, para a súa consulta, en [www.escoladeprensaelprogreso.es](http://www.escoladeprensaelprogreso.es).

A participación no concurso implica a cesión en exclusiva polos autores a ELPROGRESO dos dereitos de explotación dos traballos, incluíndo os dereitos de reprodución, distribución, adaptación a outros formatos, recompilación e comunicación pública, en calquera dos soportes.

Os premios serán entregados nun acto público final.

**PROTECCIÓN DE DATOS:**

Os datos persoais dos participantes no concurso, tanto de alumnos como profesores, serán incluídos nos ficheiros que **ELPROGRESO** ten inscritos na Axencia de Protección de Datos, conforme á Lei Orgánica 15/1999 e ao Real Decreto 1720/2007 que a desenvolve. O nome e a imaxe dos concursantes, así como o nome dos centros aos que pertencen, poderán ser obxecto de comunicación pública que poida levar a cabo **ELPROGRESO**.

No entanto, os participantes poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previa acreditación da personalidade ou da representación, na dirección de **ELPROGRESO**: Puro Cora 3, 27002 Lugo.

**ACEPTACIÓN DAS BASES:**

A inscrición neste concurso supón a aceptación destas bases, así como a decisión do xurado